

# Como converter varias imaxes ou fotos a PDF


- ★ Cando queremos enviar un traballo que se compón de varias fotos ou imaxes (á caixa de Moodle, por correo electrónico, en Edmodo...), o mellor é pasalo a pdf e subir todo nun **único arquivo**.
- ★ Ademais, o pdf permítelle a quen o recibe facer **comentarios e correccións** no propio documento.
- ★ Hai **recursos web** que son moi sinxelos de usar e permiten cambiar de formato arquivos e agrupalos: [iLovePDF](#) e [SmallPDF](#) son os máis cómodos.



Imos ver como facer isto en iLovePDF!



1. Entra no recurso web [iLovePDF](#) (non precisa rexistro e é gratuíto) desde o ordenador ou o móbil.
2. Hai moitas opcións, agora imos premer na icona de JPG para PDF.
3. Ábrese outra ventá que nos permite cargar as imaxes seleccionando a ruta ou arrastrándoas directamente.
4. Pasamos a outra ventá: vemos as imaxes cargadas, podemos reorganizalas (por orde alfabética ou arrastrándoas), seleccionar formato vertical ou apaisado, marxes e tamaño de páxina.



5. Preme en converter PDF.
6. Na seguinte ventá xa aparece dispoñible o noso PDF para baixar (ten o nome da primeira imaxe que subimos).
7. Nos tres puntos verticais podemos abrir máis opcións, como poñerlle unha marca de auga ou inserir números de páxina. Escolleríamos e baixariamos o PDF con esa opción.
8. O arquivo queda descargado na carpeta de descargas ou na que lle indicaches.
9. Alí podes renomealo e collelo para entregar por correo electrónico, moodle...

